

ANUNCIO

BASES PARA A CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN INTERINA DUNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA.

I.-NORMAS XERAIS.

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local, o R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

II.-OBJECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é cubrir, mediante concurso, unha praza de funcionario/a interino/a de Arquitecto/a encadrada na escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Subgrupo A1, segundo o artigo 76 e a Disposición Transitoria Terceira da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, incluída na Oferta de emprego público do ano 2009.

As funcións asignadas a esta praza están establecidas na Relación de Postos de traballo do concello.

A interinidade rematará cando concorran algún/s dos supostos previstos na lexislación vixente.

O proceso se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello de Soutomaior, Taboleiro de anuncios do Concello e BOP).

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso

IV.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as, os/as aspirantes deberán posuír no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, sen perxuício do disposto nos artigos 57 e 58 do Estatuto Básico do empregado público (Lei 7/2007, de 12 de abril) en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais e doutros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo, sen perxuício do acceso ó emprego público de persoas con discapacidade física ou psíquica debidamente acreditada, en grao igual ou superior ao 33%, nos termos recollidos no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de abril.

c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso o corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Os/as aspirantes precisan estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do Título Académico de Arquitecto/a, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

f) Os/as aspirantes precisan estar en posesión do carné de conducir tipo B.

Será nulo o nomeamento do/a aspirante que estea incurso/a en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

V.-SOLICITUDES

As instancias solicitando participar no proceso selectivo axustaranse ó modelo oficial que figura no Anexo I desta convocatoria e que será facilitado os/as interesados/as nas oficinas xerais do concello, así como na páxina www.soutomaior.com, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello e poderán ser presentadas directamente ou a través dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (neste caso de presentala fora do Concello a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986 705 333, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo), durante o prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio no BOP.

Á instancia uniranse inescusablemente:

1. Copia do título requirido
2. Copia do DNI
3. Currículo vitae e relación de méritos alegados, achegando os documentos xustificativos dos mesmos.
4. Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Xustificante do ingreso da taxa por participación no proceso selectivo que se fixa en 22,65 euros e que se ingresarán na conta corrente núm. 2080 0457 18 0040101852 de Caixanova sito en Arcade (concurso arquitecto/a interino/a).

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web, a lista de admitidos/as e excluídos/as, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte o da publicación, para subsanar os posibles defectos ou omisións na documentación presentada.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados.

As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se publicará do mesmo xeito que a provisional. De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde-Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitido/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos nno procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

Igualmente se publicarán no taboleiro de anuncios e na web do concello tódolos anuncios derivados da presente convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os/as interesados/as poderán poñerse en contacto co teléfono 986.70.51.06/14.

VI.-TRIBUNAL CALIFICADOR.

Presidente/a: Unha persoa experta na materia, designada pola Alcaldía, de acordo có establecido no art.60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado público.

Secretaria: A Secretaria-Interventora do Concello, como titular, e a Secretaria-Interventora Adxunta, como suplente. Con voz pero sen voto.

Vogais: Catro persoas expertas na materia, designadas pola Alcaldía, de acordo có establecido no art.60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado público.

A designación dos/as membros do Tribunal incluírá a dos/as respectivos suplentes, e os/as vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso a posto de traballo convocado.

Os/as membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicando a dita circunstancia ao órgano designante, cando concorran neles calquera das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte co disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Asímesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co disposto no artigo 29 da citada Lei 30/1992.

Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepción de asistencias se clasificarán consonte o establecido no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razón de servizo

O Tribunal na súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación á normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

VII.- PROCESO SELECTIVO.

A selección farase polo sistema de Concurso no cal se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes, de acordo ó seguinte baremo de méritos:

A)Experiencia Profesional (máximo 3 puntos):

-Servizos prestados como arquitecto/a na Administración Local, 0,10 puntos por mes traballado a xornada completa. Non se computarán fraccións inferiores.

- Servizos prestados como Arquitecto/a na Administración Local con contratos de servizos ou consultoría e asistencia, 0,05 puntos por mes traballado.

-Servizos prestados como arquitecto/a en calquera outra Administración pública, 0,02 puntos por mes traballado.

As actividades que non fosen realizadas a tempo completo, serán valoradas en proporción ó tempo de desenvolvemento das mesmas, en relación coa xornada laboral habitual no sector da actividade.

Só se poderá acumular a puntuación de varios apartados cando as actividades realizadas simultaneamente nos mesmos, foran a tempo parcial en todos eles. O resultado da puntuación acumulada, en ningún caso, superará á correspondente á xornada completa.

Os méritos alegados polos /polas aspirantes deberán acreditarse do seguinte xeito, dentro do prazo de presentación de instancias, mediante certificación expedida pola autoridade ou funcionario/a competente, que reflecta o corpo ou grupo profesional de pertenza e as tarefas desempeñadas.

En todo caso dos referidos documentos deberá desprenderse o posto de traballo que desempeñaba o interesado especificando as funcións e tarefas realizadas.

Os méritos valoraranse con referencia á data na que remate o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente na solicitude de participación coa presentación dos orixinais ou fotocopias compulsadas.

B) Coñecemento da lingua galega:

Coñecemento acreditado do idioma galego (no caso de acreditar varios cursos dos que se dirán a continuación só se terá en conta o de maior puntuación):

- Curso de iniciación ou Celga III: 0,50 puntos.
- Curso de perfeccionamento ou Celga IV: 1 puntos.

Este mérito acreditarase mediante título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública, ou centros oficiais.

C) Formación (máximo 2 puntos):

A asistencia a Cursos de formación ou perfeccionamento, impartidos pola Administracións Públicas ou Institutos, Escolas ou Centros de formación homologados, sempre que as materias sobre as que versaran os mesmos garden relación coas funcións a realizar:

- De 0 ata 50 horas: 0,20 Puntos.
- De 51 a 100 horas : 0,30 Puntos.
- De 101 a 150 horas: 0,50 Puntos.
- De máis de 150 horas: 0,75 Puntos.

Non serán obxecto de valoración a asistencia a Congresos, Seminarios, Xornadas, Conferencias e actos de carácter similar. No obstante, poderán ser obxecto de valoración a realización de cursos a distancia e/ ou “on line”, sempre que nos certificados expedidos pola institución organizadora se incorpore a súa equivalencia ó número de horas de asistencia presencial.

A asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento acreditaranse mediante fotocopia compulsada do correspondente diploma ou certificación expedida pola Institución

organizadora da actividade formativa. No se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración.

No caso de empate entre dous/dúas ou máis aspirantes, o mesmo resolverase mediante entrevista persoal, co obxecto de valora-la adecuación dos/as aspirantes ó posto de traballo, que se valorará de 0 a 1 puntos.

VIII.- RELACIÓN DE APROBADOS/AS

Efectuada a valoración dos méritos, o Tribunal determinará a puntuación final dos/as aspirantes por orde de puntuación e formulará á Alcaldía-Presidencia proposta de contratación do/a aspirante que obtivera maior puntuación final. Dita relación e proposta exporase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello durante un prazo de cinco días hábiles, ós efectos de posibles reclamacións.

En caso de renuncia do/a aspirante proposto/a para a contratación, farase nova proposta a favor do/a aspirante que, por orden, obtivera maior puntuación.

IX.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento, nun prazo de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Soutomaior a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Tarxeta Sanitaria.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir.

X.-PERIODO DE PROBA

Unha vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o/a traballador/a.

XI.- LISTA DE RESERVA.

Todos os/as aspirantes que cumpran os requisitos do punto IV das presentes bases incluíranse nunha lista por orde de puntuación durante o período 2009-2011, para cubrir as vacantes temporais que no posto de Arquitecto/a se poidan dar.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza vacante, ofertarase ao primeiro/a da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

Cando un/ha dos/as aspirantes incluído na lista fose chamado/a para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado/a novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

XII.-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase o que decida o tribunal por maioría de votos.

XIII.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento, nun prazo de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Soutomaior a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Tarxeta Sanitaria.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir.
- Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo forza maior, non presente a documentación ou da mesma se desprendera que non reúne algún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a quedando anuladas tódalas actuacións do proceso selectivo, sen perxuício da responsabilidade en que puidera/n haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

XIV.-RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto nas presentes bases se estará a lo establecido na Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo, polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e polo Real decreto 364/1995, polo que se aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado, o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local e demais normas de aplicación.

XV-RECURSOS ADMINISTRATIVOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Soutomaior, 4 de agosto de 2009
O ALCALDE,

Agustín Reguera Ocampo